

IV CONGRESO INTERNACIONAL “O CAMIÑO DO MEDIEVALISTA: *Renovatio Ordinis*”

Santiago de Compostela,
7, 8 e 9 de Xullo 2021



Todo aquilo que comeza ten sempre un final. Dito desenlace pode percibirse de moitas formas. Unha maneira de poñer punto final a unha etapa determinada é emprender unha *renovatio* de aquilo que xa acabou. Este termino, tan cargado de significados e cun peso tan grande en todo o que esta relacionado co mundo medieval, define moi ben a forma na que propoñemos este IV Congreso Internacional “O Camiño do Medievalista”. *Renovatio ordinis* ven cargada de polisemia. Unha das súas acepcións representa o primeiro relevo no comité organizador do congreso coa saída de dous dos nosos compañeiros, Luis e Amalia. Tomámonos este cambio non como un momento de peche senón de reforzo e revitalización do mesmo espírito co que naceu este congreso, o de ofrecer a oportunidade aos novos investigadores de destacar o seu traballo e dedicación. Cousa que este ano tentamos incentivar coa inclusión de dúas novas liñas temáticas: a filosofía e a arqueoloxía medieval. Coa intención de seguir ampliando cada vez máis os horizontes do camiño do medievalista.

Coa palabra *renovatio* non só pretendemos referirnos ao noso propio camiño, senón tamén ao da sociedade na que vivimos. Como puidemos comprobar, 2020 foi un ano de enormes cambios que deixou unha gran marca na vida de todos. Moitas das transformacións que se produciron terán un enorme impacto, as cales xa sentimos e que continuaremos vivindo durante os próximos anos. Da mesma maneira, buscamos adaptarnos ás novas realidades a través de exhortar á non ruptura completa co noso pasado, unha dixitalización gris a un futuro illado e sen vínculos, senón a unha *renovatio ordinis*: un cambio sen dúbida, pero recordando tanto de onde vimos como cara onde camiñamos.

Sexa como sexa o 2021 contará, ao igual que o ano 2020, coa súa edición de “O Camiño do Medievalista”. Non podemos adiantar aínda cales serán as condicións exactas da súa celebración. Intentaremos aspirar a un formato semipresencial ou telemático como na edición pasada, e se a sorte nos acompaña, volver ao formato presencial orixinal. O que si se pode ter por seguro é que traballaremos para asegurar o mellor congreso posible.

Propoñemos un encontro aberto a todas as disciplinas e ramas dos estudos medievais (historia, arte, literatura, arqueoloxía, filosofía, etc.) que **resumimos en sete vías non excluíntes**, pois calquera outra temática será benvida:

1. Historia: poder, sociedade, economía e cultura

2. Arte e iconografía
3. Lingua e literatura
4. Cultura escrita e arquivos
5. Historiografía, Innovacións e Humanidades dixitais
6. Filosofía e pensamento
7. Arqueoloxía

Poderán presentarse **estudantes de doutoramento e doutores** que leron a súa tese despois do 1 de xaneiro do 2018.

Propostas de comunicación: Enviaranse completando a información requirida no formulario a tal fin publicado na web **elcaminodelmedievalista.wordpress.com**. As propostas deben de ser orixinais e terán que incluír un resumo de entre 250 e 500 palabras escrito en galego, castelán, inglés, francés, portugués ou italiano; e un pequeno *curriculum vitae et studiorum*. Toda a documentación debe enviarse ao correo electrónico do congreso: **elcaminodelmedievalista@gmail.com**.

Prazo de envío: Ata o 28 de febreiro do 2021.

Publicación das propostas admitidas: 31 de marzo de 2021.

Cada comunicación terá unha **duración máxima de 15 minutos** e poderá ser impartida en calquera das linguas anteriormente citadas. As sesións terán lugar no Paraninfo da Facultade de Xeografía e Historia da USC, coa opción de realizala de forma telemática en caso de que a situación provocada pola COVID-19 así o requira.

Outra modalidade serán as **mesas redondas**. Neste caso requirirase un mínimo de tres persoas que presenten un tema concreto, para o que se ofrecerá un total de **45 minutos** entre exposición e debate.

Os textos resultantes serán obxecto dunha publicación específica na forma dun libro electrónico, sempre e cando superasen o correspondente proceso de pares cegos.

O **prezo** fixado para os comunicantes será de **30€**.

Animámosvos a tod@s a enviarnos as vosas propostas e a ser partícipes desta nosa peculiar *renovatio ordinis*.

Presidente do comité organizador:

Israel Sanmartín Barros

Organizadores:

- Almudena Bouzón Custodio
- Manuel Negri
- Laura Méndez Vergel
- Emilio Sanjurjo Durán

